

DECRETO

Ilmo. Sr. Don Mauricio Repetto Morbán, Tenente de Alcaldesa e titular da Área de Dinamización Económica do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente relativo á: **CONVOCATORIA PARA O ALUGUEIRO DE SEIS LOCAIS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO BARRIO DA TINERÍA PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIAL, ECONÓMICA E SOCIAL DA ZONA.**

Tendo en conta:

- O Acordo 14/695 da XGL relativo á solicitude ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) da formalización de novos contratos de alugamento dos correspondentes locais de negocio, así como da resolución dos contratos de dous locais de negocio, situados no barrio da Tinería, do 23 de novembro de 2022.
- O Acordo 30/479 da XGL, do 28 de xuño de 2023, relativo á aceptación e formalización de novos contratos de alugamento dos locais de negocio (situados no barrio da Tinería) co Instituto Galego da Vivenda e Solo (Xunta de Galicia).
- A Ordenanza reguladora dos usos de locais no burgo medieval no que se encadran os locais de referencia.
- O Acordo 13/654 da XGL, do 30 de agosto de 2023, de aprobación das BASES DA CONVOCATORIA PARA O ALUGUEIRO DE SEIS LOCAIS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO BARRIO DA TINERÍA PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIAL, ECONÓMICA E SOCIAL DA ZONA.
- A publicación no BOP de Lugo das devanditas Bases, durante un período de 20 días hábiles, a contar desde o día seguinte a súa publicación.
- O remate do prazo, o día 29 de setembro de 2023, de presentación de solicitudes polos interesados participantes.
- As sesións celebradas polo Comité Técnico en datas 17 e 23 de outubro de 2023, de avaliación das solicitudes presentadas.
- Informe proposta de Resolución Provisional de data 23 de outubro de 2023, emitido polo Comité Técnico, coa relación ordenada de todas as solicitudes admitidas con indicación da puntuación outorgada a cada unha en función dos criterios de valoración (relación de adxudicatarios/as provisionais para cada local, así como unha lista numerada de reservas para a ocupación dos locais, para o caso de renuncia e/ou incumprimento por parte dos/as arrendatarios/as), o cal debe ser elevado ao órgano competente para resolver, que ditará unha Resolución provisional. A devandita resolución será publicada no Taboleiro de anuncios e na Web municipal, e dende o día seguinte a esa publicación abrirase

un prazo de 5 días naturais para a presentación de alegacións por parte dos/as interesados/as.

- Informe da Intervención municipal (favorable) de fiscalización limitada previa do expediente, de data 27 de outubro de 2023.
- Decreto 9576/2023, de 30 de outubro, do Ilmo. Sr. Don Mauricio Repetto Morbán, Tenente de Alcaldesa e titular da Área de Dinamización Económica do Excmo. Concello de Lugo, de resolución provisional de adjudicación, relativo á **CONVOCATORIA PARA O ALUGUEIRO DE SEIS LOCAIS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO BARRIO DA TINERÍA PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIAL, ECONÓMICA E SOCIAL DA ZONA.**
- Publicación da resolución provisional anterior, no Taboleiro de anuncios e na Web municipal, durante un prazo cinco días naturais a contar dende o día seguinte a esa publicación, para a presentación de alegacións por parte dos/as interesados/as. Non existiron alegacións propias a devandita resolución provisional.
- Facer constar que soamente se recibiu a **renuncia formal por parte de MAR LAUREL LEÓN** relativa ao local situado en Praciña da Universidade nº 3-2.
- Acta da sesión celebrada polo Comité Técnico en data 13 de novembro de 2023, da aceptación da renuncia por parte de MAR LAUREL LEÓN relativa ao local situado en Praciña da Universidade nº 3-2 (pasando a ser agora adxudicatario o seguinte solicitante que figura na lista de reserva, LUCUS AVENTUR SL - David López Núñez), e proposta de resolución de adxudicación definitiva dos locais.
- Informe proposta de Desenvolvemento Local para que polo órgano competente (Concelleiro da Área de Dinamización económica), se resolva a adxudicación definitiva dos locais de referencia.
- Informe da Intervención municipal (favorable) de fiscalización previa, da proposta de resolución da adxudicación definitiva.

Por todo o anteriormente exposto, e en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto número 5756/2023 de 21/06/2023 rectificado polo Decreto 7343/2023 de 28/08/2023 do Libro Único de Resolucións,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia formulada por parte de MAR LAUREL LEÓN (relativa ao local situado en Praciña da Universidade nº 3-2), pasando a ser adxudicatario o seguinte solicitante que figura na lista de reserva, tendo en conta a orde de prelación, en función das puntuacións outorgadas.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a relación ordenada de todas as solicitudes admitidas (**relativas á convocatoria para o alugueiro de seis locais de titularidade pública no barrio da Tinería para a dinamización comercial, económica e social da zona**), con indicación da puntuación outorgada a cada unha en función dos criterios de valoración (relación de adjudicatarios/as definitivos para cada local, así como unha lista numerada de reservas para a ocupación dos locais, para o caso de renuncia e/ou incumprimento por parte dos/as arrendatarios/as), conforme a seguinte táboa:

SOLICITUDES LOCALES TINERÍA						
SOLICITUDES		CRITERIOS				
		CUANTITATIVOS		CUALITATIVOS		
LOCAL	SOLICITANTES	TIPO DE EMPRESA	ESTANCIA VIVEIRO/COWORKING (1 punto)	PUNTUACIÓN TOTAL(C1)	PUNTUACIÓN TOTAL(C2)	PUNTUACIÓN TOTAL
		EMPRESARI@ INDIVIDUAL/ S.A. / SL. (2 puntos)				
ADXUDICATARIO DEFINITIVO						
Recanto do Miño, 8	Ermitas Saavedra - Lugilde ANAYTRA	2	1	1,83	2,66	7,49
ADXUDICATARIO DEFINITIVO						
Miño, 32	Marga Portomeñe Pérez - PORTOMEÑEKOS	2	0	2,00	2,50	6,50
	LISTADO RESERVAS					
	Iván Eduardo Rosales Toledo - PERSPECTIVA	2	0	2,00	2,17	6,17
	Rita Louzán Mariño - PREVEN-STRES	2	1	0,25	0,42	3,67
ADXUDICATARIO DEFINITIVO						
Tinería nº 24	Sara Lage - Sara Lage, S.L.U.	2	1	2,00	3,00	8,00
ADXUDICATARIO DEFINITIVO						
Recanto do Miño nº 15	Anya Katherina Bernal Gutiérrez - Ani Nails Lugo	2	0	2,00	3,00	7,00
ADXUDICATARIO DEFINITIVO						

Praciña da Universidade nº 3 - 1	Ivan Eduardo Rosales Toledo - PERSPECTIVA	2	0	2,00	3,00	7,00
	LISTADO RESERVAS					
	Mar Laurel León - MAR LAUREL COSMÉTICA CONSCIENTE	2	1	2,00	1,92	6,92
	Eva Franco Pardo - Seica Vintage	2	0	1,92	2,75	6,67
	María Eugenia Aguiar Ballesteros -PARTELUZ ESTUDIO, S.L.	2	1	0,58	0,50	4,08
	Alicia Abelleira Álvarez - EL ATELIER DE LAS FLORES DE PERFECT DAY	2	0	0,92	1,08	4,00
	Antonio Javier Núñez - Enrique Mayo López - ATYSER CB	2	0	0,83	0,92	3,75
	Rita Louzán Mariño - PREVEN STRES	2	1	0,25	0,42	3,67
	Annya Katherina Bernal Gutiérrez - Ani Nails Lugo	2	0	0,58	1,00	3,58
ADXUDICATARIO DEFINITIVO						
Praciña da Universidade nº 3 - 2	David López Núñez - LUCUS AVENTUR, S.L.	2	1	1,54	2,08	6,62
	LISTADO RESERVAS					
	Eva Franco Pardo - Seica Vintage	2	0	1,83	2,67	6,50
	Ermitas Saavedra Lugilde - ANAYTRA	2	1	0,50	1,00	4,50
	Marga Portomeñe Pérez - PORTOMEÑEKOS	2	0	1,08	1,33	4,41
Alicia Abelleira Álvarez - EL ATELIER DE LAS FLORES DE PERFECT DAY	2	0	0,83	1,00	3,83	

TERCEIRO.- A presente resolución definitiva será publicada no Taboleiro de anuncios e na Web municipal. A adjudicación materializarase coa publicación desta Resolución, e a sinatura dos contratos de alugueiro, formalizaranse no día e hora sinalados a tales

efectos polo Concello de Lugo. Neste acto procederse a entrega de chaves aos/as arrendatarios/as seleccionados/as. A citación efectuarase por correo electrónico, e no suposto de non comparecer no día e hora indicados, sen previa xustificación, entenderase que renuncia a adxudicación, e procederase a realizar unha nova adxudicación ao seguinte na lista de reservas.

CUARTO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ós/ás interesados/as e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso - administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo DUN MES, contado desde o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición.

Cúmprase.